

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido ao retraso dunha valoración de dependencia

Expediente: G.6.Q/13191/17

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2017

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED] relativo ao retraso dunha valoración de dependencia.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que se atrasa a resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social sobre a súa solicitude de dependencia, presentada no rexistro en xuño de 2016. Non tivo contestación. Dado ese atraso o 4 de novembro presentou un escrito reiterando a petición, que tampouco lle contestaron. Na actualidade o seu estado deteriorouse tanto que o recurso ou libranza adecuada para súa situación sería xa o ingreso nunha residencia, sinala.

2. Ante iso requirimos información a esa consellería, que xa nola remitiu. Nela sinálase o seguinte: "... Os expedientes tramítanse por orde de entrada seguindo a orde de prelación establecida no artigo 26 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, agás dos casos excepcionais previstos normativamente. A [REDACTED] correspóndelle a área de Santiago, unidade que, debido a circunstancias sobrevidas, está a sufrir retraso na fase de valoración. Esta situación é motivo de que, a pesar do grande esforzo de cara a diminuír os tempos de valoración, o cumprimento da orde de prelación establecida fai que, inevitablemente, se atopen solicitantes á espera da valoración. Nestes momentos na área de Santiago estanse a valorar os expedientes con data de entrada marzo/abril de 2016".

ANÁLISE

1. Coa información transcrita confírmase o exposto na queixa, isto é, que o procedemento de valoración de dependencia se atopa pendente dende hai tempo e co prazo amplamente superado. Ademais, non se indica a data na que finalmente se fará a valoración, posto que unicamente se sinala a data dos expedientes que se trataban; o retraso é de aproximadamente un ano. O retraso da primeira fase ten a consecuencia de demorar a

atención, que é o obxectivo principal; por iso, unha vez constatado o amplo retraso na primeira fase debéra terse en conta que a segunda (a de aprobación do PIA) debería realizarse de forma urxente.

2. O Decreto 15/2010 conforma dúas fases do procedemento, unha para valorar e outra para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA), e establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15).

3. O expediente debéra atoparse resolto nos prazos previstos; as demoras prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención de maneira perentoria. Por iso, esta reclamación, como todas as queixas por este motivo, reflicte un importante grao de desgusto, o que resulta perfectamente comprensible. Os dependentes, familiares e cuidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación do expediente, é dicir, porque a avaliación e/ou o recoñecemento non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.

4. A consellería sinala que atende a orde establecida; porén, esta debe entenderse dentro do prazo, como é lóxico; se se entendera doutro xeito estaríamos admitindo que unha previsión regulamentaria habilita ao incumprimento do prazo legal, o que non é posible.

5. O PIA (programa de atención), que é o mais relevante, debe entenderse aprobado por silencio positivo, como recoñece a xurisprudencia.

6. A persoa que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que obriga aos poderes públicos a realizar unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos discapacitados físicos, sensoriais e psíquicos, aos que prestarán a atención especializada que requiran e os amparará especialmente para o goce dos dereitos que este Título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obriga principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente de valoración de dependencia obxecto desta queixa, se é que non se fixo xa; que tamén con urxencia se materialice o PIA relativo ás prestacións derivadas da lei de dependencia, que tamén se atopa demorado, de tal maneira que non se produzan demoras inxustificadas que prexudican aos afectados; e que con carácter xeral e con urxencia se solucione o problema de amplos atrasos que a consellería recoñece na área de Santiago de Compostela e, no caso de existir noutras áreas, que tamén se solucionen con urxencia.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais facémoslle saber que en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdao atentamente,

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo